

# Intervención de Don Xesús Alonso Montero Catedrático emérito da USC Ex-presidente da Real Academia Galega

Señor Alcalde, autoridades políticas e académicas, meus señores e especialmente familia de don Evaristo González Fernández, "Evaristo de Sela, veciños, tanto desta parroquia como da comarca de Arbo.

Acaba de dixer o señor concelleiro presentador deste acto que hoxe é un día moi importante na historia de Sela. Se él mo permite eu voulle dicir algo máis: e importante na historia da humanidade. Explico por qué. Creo que nunca nunha aldea tan pequena nin do belo Peloponeso, nin da bela Ítaca, nin en ningunha outra parte do mundo se lle fixo unha homenaxe a un helenista, a un especialista en filoloxía grega como a que hoxe tributamos aquí a Don Evaristo González.

Cando eu era pequeno, e era dunha aldea máis ou menos como esta e, que ademais chamábase Ventosela—Sela e Vento— a catro quilómetros de Ribadavia, no Ribeiro

do Miño, eu sabía que había lápidas e nomes de rúas adicadas a bispos, arcebispos, caudillos -daquela mortos-, xenerais, coronéis e prebostes, próceres, benefactores de moi diversa índole pero, para min que tiña unha idea simple, humilde, case unha idea de clase do que era a historia do que ia por riba de min pensaba que se trataba de xente que fora a Universidade, que nacera en berce dourado, que ó nacer,

naceran entre libros, que o nacer naceran entre vaixelas, e todo aquilo faríame pensar que nunca iso se vería unha aldea como a de Sela ou a de Ventosela.

Eu nacín doce anos despois de Evaristo de Sela e nunca vería nunha casa de pedra do país unha lápida como a que o Señor alcalde e a familia de don Evaristo van descubrir ó final deste acto. Polo tanto, claro que é un día singular,

extraordinario, importantísimo na historia desta aldea, na historia deste concello, na historia da provincia de Pontevedra, na historia de Galicia; pero tamén na historia de España e do mundo. Estou seguro que cando esta noticia se publique na revista que anualmente edita a Sociedade Española de Estudos Clásicos moita xente vai preguntarse onde está Sela. Pois Sela, a donde nunca eu viñera, está no corazón da provincia de Pontevedra, no corazón do concello de Arbo, e é unha aldea coñecida porque ten estación, porque de non ser así

é probable que ese nome non figurara na memoria de moita xente, incluso na provincia de Pontevedra. Quizais algún día virá por aquí algún mestre de grego, algún especialista en filoloxía grega polo pracer de ver a lápida que os veciños e o concello de Arbo lle tributaron a Evaristo de Sela. Porque señoras e señores hai moi poucas biografías tan exemplares como



a que hoxe nos convoca aquí. Porque cando un nace en berce dourado, cando se nace nunha casa ateigada de libros, cando un nace nunha familia que ten unha tradición cultural e que ademais é rica, e que ademais está en condicións de que ese rapaz, que o parecer, é listo ou ten boa memoria ou ten inquedanzas de índole intelectual, podemos destinalo a Universidade de Madrid, ou Oxford ou a Chicago ou a calquera parte. Este non é o caso de Evaristo de Sela. Estamos nunha situación moi distinta. Evaristo era, cando tiña sete anos, non exactamente labrador ou labrego; era pastor de cabras e pastor de ovellas, Evaristo era un rapaz, eu tamén fun rapaz de aldea aínda que doce anos

despois, que lle facía preguntas as cousas; facíalle preguntas ós libros, sobre todo os libros elementais que non sempre dan respostas as preguntas que un lles fai. Pero un bó día, don Pío, o mestre a quen habería que facerlle tamén unha homenaxe, decide que os pais lle merquen, quizais

facendo un pequeno sacrificio económico, unha enciclopedia editada en Burgos: A Enciclopedia. Eu tamén fun neno de enciclopedia e meus pais pensaban que na enciclopedia estaba todo o saber; i en efecto, rudimentariamente estaba todo o saber. Pois esa Enciclopedia chegou a sabela de memoria Evaristo, e a entendela pera aínda así era un neno moi esixente: Quería saber máis e os pais diciánlle: "Xa tes a Enciclopedia". Eles creían de boa fé que na Enciclopedia estaba todo. Pois non, na Enciclopeida non está todo.

Hai un artigo da filla de Evaristo, Stella Maris González Balbuena que se titula "Eu quero estu-



dar". Evaristo quería estudar. El non decía estudar, dicía estudar que era como se dicía na aldea de entón. Ese foi tamén o meu caso doce anos despois; eu quería estudar i eu tamén andaba coa vaca, non con cabras e ovellas como Evaristo e lendo sempre nun libro. Meu pai díciame "-Si xa esta alí a cifra de todo o universo" i eu dícialle que non, había libros máis grosos e máis densos e máis anchos. É probable que eu non dixese o adxectivo "denso" que descoñecía cando tiña dez ou once anos, pero eu sabía que había outros libros e que eses libros poderían dar resposta a algunhas das inquedanzas que como Evaristo eu tamén tiña unha ducia de anos despois.

E, de súpeto, chega o cura párroco de Barcela que lle indica os pais que hai unha maneira, non moi gravosa económica, de que o rapaz estudie onde podían estudar os fillos dos pobres daquela; i ese sitio era o seminario, onde case todos ían dereitiños para ordearensede sacerdotes, pero algúns, como o caso de

Evaristo saen a tempo e non se fan sacerdotes, pero aproveitan a cultura que lle dan no seminario para logo ir gobernando a súa vida doutra maneira. Pouco antes do acto de ordenación sacerdotal, Evaristo, que é un home que lle ten dado moitas voltas a Enciclopedia e a vida, decátase de que él non ten vocación sacerdotal. Isto non quere dicir que esté en controversia coa relixión; el estivo sempre en controversia coa igrexa, coa igrexa católica española que a partir do ano 36 sempre foi unha igrexa que sendo moi católica tiña moi pouco que ver co cristianismo.

E xa temos a Evaristo que ten dezoito anos e volve coas cabras e coas ovellas aquí nestas terras

de labranza e non sabe que facer, pero hai algo que é obrigatorio, hai que cumprir o servizo militar e faino voluntariamente en Pontevedra, en Artillería. E, cando aínda é recluta, cando aínda non xurou bandeira; polo tanto xuridicamente non é soldado, non é militar, non se lle poden aplicar as leis militares pola súa condición de soldado, prodúcese esa cousa espantosa que se chamou Alzamiento Nacional, o Alzamento para salvar a España, un Alzamento contra os pobres, un alzamento contra a xente de esquerdas, un alzamento contra a xente do traballo, un alzamento contra a xente da cultura, un alzamento contra o pluralismo ideolóxico; i él que está as ordes de determinados oficiais ve como un tenente mata a un home que ía coas mans levantadas na Alameda de Pontevedra. Nese momento, Evaristo decátase de algo que quizais xa sabía: el non viñera ó mundo para matar xente, el non viñera o mundo para disparar a seres indefensos. Ante esta situación, xunto cun veterano e máis un cabo deciden abandonar o servizo militar, fuxir e non implicarse naquela guerra especialmente inxusta desde o punto de vista humanitario. Foxen a Portugal na creencia de que naquel país están a salvo, cando de feito é que é unha trampa mortal para case todo o mundo que intentou resolver o problema pasando esa fronteira, i en Monçao son detidos e os poucos día da comezo a sá odisea para el que anos despois traduciu a *Odisea* de Homero. A súa odisea carceraria trascorre primeiro pola prisión de Pontevedra, logo na de Caldas de Reis, a continuación en San Simón, no Penal de San Cristobal en Pamplona, no penal de Miranda de Ebro e nun lugar non menos hospitalario como foi a illa canaria de Fuerteventura. O cabo aproximadamente de seis meses obtén a liberdade provisional. E aquí chega o momento de grandeza de don Evaristo González Fernández, porque él, que apenas o estudara no seminario, tanto en Tui como os dous anos en Belxica cuns rudimentos de lingua grega, de grego clásico, él que está tan comprometido coa causa do idioma que na cadea donde escribe poesía en galego e en castelán, na cadea donde escribe cartas, na cadea donde relata aforismos, na cadea donde exerce dun xeito múltiple actividades literarias que quedan en boa parte nas libretas que hoxe conserva a súa familia, nesa cadea ten algún manual de lingua grega, manuais que non eran moi bos daquela pero eran os que había e dedícase con verdadeira teimosía a aprender o grego.

E unha noite, cando xa alborea en que consiste a identidade, a fonía, o encanto dese idioma de tanto prestixio literario e intelectual, faise esta pregunta:

-E como soaran os versos de Homero, o gran pai da literatura—como él dicía en tantas ocasións—como soaran no idioma da miña aldea de Sela, no idioma da miña parroquia que é o idioma galego.

I é curioso este feito na vida de Evaristo de Sela. Eu non sei que importancia tivo o amor, nin sei que importancia tivo a familia, non sei que importancia tivo a economía, aínda que teño datos para pensar que tanto a economía como a familia como o amor foron importantes na súa vida. Pero, por algún motivo alá na cerna do seu espírito o que verdadeiramente moveu a Evaristo de Sela foi a lingua grega, e, dentro da lingua grega nin Sófocles, nin Esquilo, nin Píndaro, senon o gran Homero, o pai das letras occidentais, en certo modo o pai e fundador da literatura occidental.

E toda a súa teima vai ser aprender ese idioma, chegar a ser un especialista dentro do grego, do grego homérico e algún día traducir as palabras que aprendeu aquí cando andaba coas cabras e coas ovellas, a *Iliada* e a *Odisea*. Tardará en facelo, tardará en publicarse porque a *Iliada* publícase en 1990 e a *Odisea* en 1992, pouco tempo antes de morrer; pero él viña traballando desde que un día na cadea de Caldas de Reis en febreiro, marzo ou abril de 1937 se fixo esa pregunta fundamental que é a que eu acabo de contestar.

E xa temos o noso home fora das prisións; xa regresou de Fuerteventura (Canarias) e ten que vivir nunha España na que hai vencidos e vencedores, donde os vencedores, ou xa nalgún caso os seus fillos dedícanse a administrar a victoria, no que case todo é para eles e case nada para os demáis.

Evaristo de Sela finaliza o bacharelato, estuda Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela, pero compre dicir que daquela non existía na Facultade de Letras a especialidade de Filoloxía Clásica. Hoxe hai aquí representantes moi cualificados desta disciplina, desta especialidade, membros da facultade de filoloxía, polo tanto existía dentro da Facultade de Letras de Santiago a especialidade de Filoloxía

clásica, polo tanto segue a ser no esencial un autodidacta; un autodidacta que chega a ser, primeiro por oposición titular de lingua grega nun instituto, pouco tempo despois catedrático desa mesma materia nese e noutros institutos; e agora xa ten un tempo que antes non tiña, porque a xente non sabe como vivían os profesores que non eran do bando dos vencedores nos anos 1940, 41, 42, 44, 46... Evaristo de Sela realizaba a súa xornada laboral como docente en academias e clases particulares roubándolle horas ó sono. Evaristo de Sela é un home que seguramente traballa dez, doce, catorce, quince horas, pero hai que chegar a casa e preparar as clases de mañá, sobre todo naquelas materias coas que non ten moita familiaridade e ten que seguir estudando por libre e na carreira ten que seguir aprendendo e perfeccionando o grego clásico. Son xornadas extenuantes; a xente non sabe o que é ser docente nestas circunstancias

naquela España de Franco donde os vencedores seguen administrando a victoria do 1 de abril de 1939.

Evaristo de Sela é unha figura exemplar que ten unha biografía exemplar como cidadán e como helenista. Foi sempre un autodidacta; xa xubi-

lado do Instituto que daquela se chamaba Femenino a súa inquedanza helenística é tan grande que fai a rimeira viaxe a Atenas e empeza a interesarse polo grego moderno que é como identidade idiomática unha lingua tan diferente do grego homérico como pode ser o latín que eu agora estou falando co latín de Cicerón; o que pasa é que Cicerón dicía *advicola* e eu digo abella; Cicerón dicía *petra* i eu digo pedra e Cicerón dicía *dominus* i eu digo dono; pois en grego tamén acontece o mesmo. Aprende o grego moderno, funda unha Asociación de Amigos de Grecia e remata traducindo a des ou doce dos poetas máis importantes desde o século XVIII ó XX que produciu a poesía contemporánea. Lamentablemente para él, ese libro que se titula *Poesía neohelénica* publícase



póstumo, dous ou tres anos despois do seu falecemento.

Bastarían os méritos que eu intentei esbozar aquí para que queden claras algunhas cousas: primeiro: é como helenista, como científico da filoloxía grega un autodidacta que é capaz de aprender o que outros non foron capaces en liberdade na Universidade na cadea de Caldas de Reis, ou na de San Simón ou na de Pontevedra; e, segundo: e a primeira vez que se traduce a Homero, o autor da *Iliada* e da *Odisea* ó noso idioma, nun momento en que apenas había traducións do grego como se ten dito reiteradamente.

Evaristo de Sela foi un home que lle tuvo que roubar horas o descanso e o sono para manter a súa familia, para poder estudar, para poder perfeccionar o grego e quizais alá as dúas ou as tres de mañá cando as musas da tradución son máis propicias, cando xa dera oito ou dez ou doce

horas de clase das máis diversas materias, el traducía unha e outra vez, porque cónstame que él rachaba moitas versións dos cantos da *Íliada* e da *Odisea*. Él que é poeta en galego e poeta en castelán - temos xa poemas escritos en galego e ademais de corte clásico e un pouco virxiliano escritos no ano 1937 na prisión de Caldas de Reis. É un poeta para aqueles

que coñecen parte da súa produción amorosa, intimista, da paisaxe, de Sela, desta lingua; é un poeta plural pero é un poeta político moi importante.

Eu tratei a don Evaristo nos últimos anos e ademais vou dicir agora o que teño dito por escrito en algunha outra ocasión: fíxome algunha confianza, porque él viviu como tantos seres humanos na España que era a España dos vencidos aterrorizados durante corenta anos. E o día ue a radio afirmou e confirmou que morrera o responsable último dos seus infortunios, un tirnao chamado Francisco Franco Bahamonde, ese día trouso—esta é a palabra do meu dialecto, quizais tamén deste dialecto— toda a anguria e noxo que levaba dentro e tamén todo o medo en cento setenta versos